SUXESTIÓNS Ao 16. Novembro.2025
DOMINGO XXXIII TOC
DÍA DOS POBRES

SUXESTIÓNS:

--Coñeces situacións de **bullying escolar?** Vede esta peli e comentádea: "Marion. 13 anos eternamente". Escribídelle unha carta a un acosado ou gravádelle un vídeo.

-**Le todos os días o evanxeo** e escoita o que che quere dicir nel.

-**Afronta os problemas deixándoche acompañar** por Xesús, o amigo que nunca falla. Se forte, constante e perseverante, aínda que non estea de moda, á contracorrente.

Xornada dos Pobres:

-Comentade aos nenos que con **constancia e esforzo** todo se pode conseguir. Nun papel A3 pedímoslles que entre todos debuxen unha paisaxe de montaña cunha casa e un arco da vella. Pero cada neno só pode pintar tres trazos por quenda, un detrás doutro. Poden ser liñas rectas, curvas, etc… Tres trazos cada neno. O obxectivo é que se dean conta de que aínda que só teñen tres trazos, que é unha pobreza, entre todos poden facer un gran debuxo… O mesmo pasa coa Igrexa: Cada un temos o noso pequeno papel, pero entre todos logramos grandes proxectos.

-Nesta **Xornada dos Pobres** que estableceu o papa Francisco para que colaboremos activamente para que ninguén se sinta privado de proximidade e solidariedade. Non tiremos comida, miremos a quen podo botar unha man. Dialogade que problemas ou necesidades hai ao voso redor e que podedes facer.

-Debuxamos ou poñemos unha **balanza inclinada cara a un lado.** Explicamos aos nenos que a pobreza vai baixando pero que hai aínda moita pobreza no mundo. No prato baixo poñemos un dato: “En 1990 había 1850 millóns de persoas que vivían con menos de 1.80 euros”. Lese e outro neno pon encima outro dato: “No 2015 había 736 millóns de persoas que vivían con menos de 1.80 euros ao día”. Logo que os nenos fagan unha tira de papel partindo dese prato baixo con 180 moedas pegadas de 1 céntimo e establécese un diálogo coa pregunta: Que podemos comprar con todo iso? Daquela outro neno poñerá no prato alto o nome do noso pobo ou cidade e un billete de 20 euros… E explícase: Somos ricos e temos que compartir para seguir mellorando o mundo… Somos todos unha familia, a Igrexa, a familia de Xesús onde todos temos que vivir como irmáns.



VÍDEOS de ORDINARIO Lucas 21, 5-19:

"Perseguiranvos…, mais eu dareivos palabras e sabedoría".

Lc. 21, 5-19, película: https://youtu.be/CjsAB61lBKg
-Lc. 21, 5-19 Discurso escatolóxico, película:
https://youtu.be/EsRGITSIO90

-Perseverade, debuxos: https://youtu.be/ifYIgxgSsAk
-Pedra sobre pedra, canto de Javier:
https://youtu.be/aRYNdGRabYA

-O xogo da vida, Verbo Divino 2010:
https://youtu.be/UecoZgYvh8U
-Un mundo novo, Verbo Divino 2013, reflexión:
https://youtu.be/z9M4cFUJUkc

-Perseveranza, VD 2016, reflexión: https://youtu.be/s-V4B25DRZg
-Se perseverades, salvarédesvos VD 2019:
https://youtu.be/pkAu5IOql0U

-Algo roto dentro de min, Verbo Divino-2022, reflexión:
https://youtu.be/QHVHkrBMytg
-A hora do testemuño, Verbo Divino-2025, reflexión:
https://youtu.be/8_199SC8_yw

-En ti, Ain Karem, canción: https://youtu.be/iTZOo_q1KA0
-Pedra sobre pedra, Javier Brú, canción:
https://youtu.be/aRYNdGRabYA

-Lecturas en Linguaxe Signos: https://youtu.be/ixr_lZfS4xA
https://youtu.be/WwPZy0aSOzo

XORNADA MUNDIAL DOS POBRES 2025

https://www.conferenciaepiscopal.es/jornada-mundial-pobres-2025/
https://www.evangelizatio.va/content/pcpne/es/attivita/gmdp/2025.html
Exhortación Ap. Dilexi te: https://www.vatican.va/content/leo-xiv/es/apost_exhortations/documents/20251004-dilexi-te.html

Unai Quirós e Fano: Abre a túa ventá, Advento 2025:
https://youtu.be/kzXzP6U0QfM

TI



Ti coñeces a miña alma,
Ti sabes todo o que é preciso facer nela.
Faino ao teu modo.
Atráeme a Ti, meu Deus.
Éncheme de puro amor a Ti.
Non permitas que xamais
me aparte do camiño do teu amor.
Amósamo con claridade.
Déixoo todo nas túas mans.
Non terei medo de nada,
porque estarei sempre nas túas mans
e xamais te deixarei e xamais me deixarás.
Thomas Merton

